

culturagalega.org

**TRES ROMANCES GALEGOS DA MATERIA DE
BRETAÑA**

Fonte: Carlos Villanueva

A flor da y-auga

(Recollido en *Alvarellos*)

*Mañanciña de San Xoan cando o sol alboreaba
a Virxe Santa María dos altos ceos baixaba
c'un ramaliño de flores y-o libro donde rezaba.*

*Chegou onde a fonte fría chegou onde a fonte clara
e botando a bendición d'esta maneira falaba:*

_Dichosiña da doncella que colla da flor da y-agua.

*Oíuna a filla do rey dend'o pazo donde estaba,
si depresa se vestira mais de presa se calzara,
e pra chegar ond'a Virxe mais depresa caminaba.*

*_Señora, son a doncella que collera a flor da y-agua,
xarriña trayo de vidro, vos m'a daredes de prata.*

*A filla do rey enton vai catar a flor da y-agua,
mete a xarriña de vidro je a saca toda dourada!*

_¿Quen lle podrá ser a señora que estas maravillas faga?

_Son a Virxe, miña filla, son a Virxe Soberana.

*_Si a Virxe sodes, Señora, contésteme a esta palabra,
si teño de ser solteira ou teño de ser casada.*

*_Casadiña, miña filla, e mais ben afortunada,
casadiña con tres fillos todos tres terán espada.--*

*A nena cheia de gozo cae no chan esmayada,
tocalle a Virxe María co ramalliño na cara
y-a filla do rey esperta je esperta na sua cama!*

(sobre este tema ten Said Armesto unha pequena ópera, estrenada no ano da sua morte (1914) chamada, precisamente, *La flor del agua*, con música de Conrado del Campo).

Bernardino e Sabeliña (recollido por Said Armesto; está no CMG, nº 169). O recita e comenta no Discurso do Ateneo de 1913.

Polo mundo me vo madr e- polo mundo a camiñare

En busca de Bernaldino - que non-o podo atopare.

E se foi de terran en terra - e de lugar en lugare;

topou unha lavandeira - lavando nun areale.

- De Bernarldino, señora, - ¿qué novas me poder dare?

- Bernarldino, é da reïna - o paxeciño galane.

Ao decir estas palabras - Bernarldino a porta estae.

- ¿Quén te troux' eiquí, Sabela, - quen te troux'a este lugare?

- Teus amores, Bernarldino, - por aquí me fan andare.

Colléronse po-lo brazo - puxéronse a paseare.

En canto os vira a reïna - ôs dous mandare matare.

A ela enterran-na no coro - a él entérran-no no altare.

D'ela naceu unha fonte - e d'él un verde olivare;

tanto creceu un y-o outro - que a os ceos foron chegare,

*cando os ventos sopran mainos – os dous se queren falare
cando os ventos sopran recios – os dous se queren bicare.*

Outra variante aportada por Said Armesto

*Caminaba Conde Liño – madrugada de San Xuan
Caminaba Conde Lino – por las orillas do mar
Mentras su caballo bebe –Conde Liño echa un cantar
De as aves que iban volando – se paraban a escoltar;
Los peces qu’iban nel fondo – se salían a mirar;
Todos los que están dormindo – los facía atormentar.
Oido había la Reina – dend’o seu palacio Real:
“Despertádevos, Infanta,- si queréis ouvir cantar.
Que o son ánxeles del cielo (tachado do ceo)- o la sirena do mar”
“Non son ánxeles del cielo (tachado do ceo)- nin la sirena del mar”
Que lle era o Conde Liño – que me ven a namorar”
Si ese era o Conde Liño – no lo mandarei matar”
Si o mandase matar, madre- eu con el mi hei de finar etc...
Un o matan, outro muere – los dous muriron al par.
Dela naceu una rosa – e de él un laurel real.
Tanto crecen un y-o outro- que se foron a xuntar
La Reiña vai para misa – e alí préndese o sayal.
La Reiña como celosa –logo mandounos cortar.
Ela verteu leite clara – el verteu sangre real
Déla naceu unha fonte –e de él un lindo arroyal.
E tanto correu un y-outro – que se fonron a axuntar
La Reiña vai para misa – os pes ibanlle a mollar.
La Reiña como celosa – los mandounos cegar.
Ela volveuse unha garza – y él un palomo real.
Tanto voan un y-outro – que ais ceos queren cegar
Voaban ala con ala – para’ nos ceos s’abrazar
Voaban bico con bicio- para’ nos ceos se bicar
E tanto e tanto voaron – que se perderon no ar...*